

Procura do Botín

Ti es un detective que está investigando o roubo duns diamantes valorados en 1.000 Millóns de €uros. Debes reunirte co teu confidente, un ancián de 80 anos, chamado *Smith* nun lugar oculto. Pero para averiguar esa localización debes resolver un acertixo.

O señor *Smith* foi un empresario de éxito que rexentaba unha empresa de extracción de lousa nunha comarca do sur de Galicia (1)... O traballo agotador facía que os fins de semana se trasladara coa súa familia a un tranquilo e luxoso balneario nunha illa galega (2)...

A súa casa, ubicada na cima dun monte e preto dun arroio, estaba equipada coa última tecnoloxía para aproveitar as enerxías renovables (3)...

Ademais posuía un moderno deportivo moi lixeiro feito con materiais avanzados (4)... e un extraño motor (5)... que consumía unha fonte enerxética como (6)...

Despois de moitos anos extraendo e exportando lousa para todo o mundo debe pechar a explotación por esgotamento da mesma. Unha vez pechada a explotación a qué usos podería adicala (7)...

Finalmente o *Sr. Smith* xubilouse e curiosamente decide vivir nun luxoso hotel nunha antiga canteira, que lle recorda as escapadas da fin de semana de cando era máis novo (cando traballaba). Neste lugar reúneste co *Sr. Smith* (8)...

Confésache que él participou no roubo dos diamantes e que os agocharon nunha antiga mina onde se detectan raios cósmicos e a posible interacción coa materia oscura (9)...

Onde cres que pode seguir escondido o botín?

